

CÁNTIGA

No xardín unha noite sentada
ó refrexo do branco luar,
unha nena choraba sin trégoas
os desdés dun ingrato galán.
I a coitada entre queixas decía:
«Xa no mundo non teño ninguén;
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben».

Os meus ecos de malenconía
camiñaban nas alas do vento,
i o lamento
repetía:
«¡Vou morrer e non vén o meu ben!»

Lonxe dela, de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América,
vai o probe, infelís amador.

I ó mirar as xentís anduriñas
cara á terra que deixa cruzar:
«Quen pudiera dar volta –pensaba–
quen pudiera convosco voar!...»

Mais as aves i o buque fuxían
sin ouír seus amargos lamentos;
sólo os ventos
repetían:
«¡Quen pudiera convosco voar!»

Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¡que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena,
prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,
Quedou sólo, de bágoas a proba,
unha cova
nun outeiro
i on cadavre no fondo do mar.

CORO

Unha noite n'a eira d'o trigo

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
 Texto de Manuel Curros Enríquez, música de Xoán Montes
 Arranxo de Juan Durán (2014) para o Consello da Cultura Galega

$\text{♩} = 120$

Un ha noi-te na ei-ra do tri-go ó re - fre-xo do bran-co lu -

rit..... a tempo rit.....

ar, un-ha ne-na cho-ra-ba coi - ta-da os des - dés dun in-gra-to ga - lán. A - fri -

a tempo

xi-da.en-tre quei-xas de - cí - a: "Xa no mun-do non te - ño nin - guén, "Vou mo -

rrer si non ven os meus o - llos os o - lli ños do meu do-ce ben." Os seus e-cos de ma len cor

ní - a ca-mi - ña-ban nas a-las do ven - to, i.o la - men - to re-pe - ti - a: "¡Vou mo -


rit.....

rrer é non te-ño nin - guén!" non te - ño nin - guén!" Lon xe de-la, de pé so-bre.a

rit..... a tempo


po-pa dun a - le-ve ne grei ro va - por, e-mi - gra-do, ca-mi-ño de.A - mé-ri-ca vai o

39 *rit.....* *a tempo*



pro be.in-fe-lis a-ma - dor. ____ Ló mi - rar as xen-tis an-du - ri - ñas ____ ca-ra.á te-rra que dei-xa cru-

44




zar: ____ "¡Quen pu - de-ra dar vol-ta, pen - sa - ba, ____ quen pu - de-ra con vos co vo - ar!" ____ Mais as

49




a-ves i.o bu-que fu - xí - an ____ sin ou - ir seus a-mar gos la - men - tos; ____ só-lo.os ven - tos ____ re-pe-

54 *rit.....*




tí - an: ____ "¡Quen pu - de-ra con vos-co vo - ar!" con ____ vos - co vo - ar!" ____ Noí tes

60 *a tempo*




cra-ras, de.a-ro-mas e lú - a, ____ des de.en - tón ¡que tris - te-za.en vós hai ____ prós que

64



vi ron cho rar un-ha ne - na, ____ prós que vi-ron un bar-co mar - char! ____ Dun a - mor ce-les tial, ver da-

69



dei - ro, ____ que-dou só-lo de bá-goas a pró - ba, ____ un-ha co - va ____ nun ou - tei - ro ____ i.un ca-

74 *rit.....*



da - vre no fon - do do mar. no ____ fon - do do mar. ____

XOÁN MONTES

Compositor, organista e director de banda e orfeóns, naceu en Lugo en 1840. De formación musical autodidacta, estudou no Seminario da cidade dende 1850 a 1863, cando renunciou á carreira sacerdotal para dedicarse de cheo á súa vocación musical. Gran coñecedor da música popular e dos estudos de Inzenga, Antonio Noguera e Eduardo Ocón, colabora como folclorista na recollida de contos populares con Casto Sampedro e Felipe Pedrell, nos seus respectivos Cancionero musical de Galicia e Cancionero musical popular español. Pianista habitual nos círculos culturais de Lugo, en 1876 reorganiza, por encargo do Concello, a banda municipal e crea en 1879 o Orfeón Lucense, que, xa en 1887, cambia o seu nome polo de Orfeón Gallego. A partir de aí comeza unha carreira brillante de recoñecementos –como compositor e como director do orfeón– e multiplícanse os premios en certames musicais de toda España. Como compositor, cómpre citar, ademais dunha prolífica produción relixiosa, as obras baseadas na música popular e nos poemas de autores galegos, entre as que salientan as Baladas gallegas para canto e piano, as seis alfaias máis estimables de Montes. Fonte: Gran Enciclopedia Galega